

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027721	de Ames	Ames	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CBIFC12	Informática de oficina	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3030	Operacións auxiliares para a configuración e a explotación	2023/2024	9	205	245
MP3030_12	Configuración de equipamentos informáticos	2023/2024	9	102	122
MP3030_22	Aplicacións ofimáticas	2023/2024	9	103	123

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	GONZALO BERDEAL HERNANZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Operacións auxiliares para a configuración e a explotación impártese no segundo curso do ciclo formativo de formación profesional básica correspondente ao título profesional básico en Informática de Oficina.

Esta programación está baseada no DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

O desenvolvemento curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o centro educativo IES Plurilingüe de Ames, que cumpre as condicións establecidas pola lexislación vixente en canto a espazos, instalacións, alumnado, etc. O instituto atópase na vila de Bertamiráns, no concello de Ames, a 10 km de Santiago de Compostela.

O módulo está contextualizado para a contorna na que se ubica o centro. Na súa contorna encóntranse varias empresas agrupadas na Asociación de Comerciantes de Ames, onde o alumnado pode realizar o módulo de Formación en Centros de Traballo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Implantación de sistemas operativos	Instalación e configuración básica de sistemas operativos libres e propietarios, tanto en contornas virtuais como en ordenadores reais.	36	16
2	Sistema operativo Windows	Configuración e administración do sistema operativo Windows.	34	13
3	Sistema operativo Linux	Configuración e administración dun sistema operativo .	34	13
4	Sistemas operativos en rede	Configuración e funcionamento dos sistemas operativos conectados en rede.	18	8
5	O procesador de textos	Creación de documentos utilizando un procesador de textos. Modificando formatos, inserindo imaxes e táboas, revisando a ortografía, etc.	36	15
6	Aplicacións ofimáticas	Uso de aplicacións ofimáticas: follas de cálculo, bases de datos, presentacións multimedia e aplicacións ofimáticas na nube.	22	9
7	Servizos básicos de Internet	Funcionamento de Internet, la www, o correo electrónico, buscadores, mensaxería.	22	9
8	Servizos web	Creación de contidos usando blogs, foros, wikis e cms. Servizos P2P.	22	9
9	Seguridade informática	Identificación das ameazas nos sistemas informáticos. Aplicación de medidas de protección e boas prácticas.	21	8

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Implantación de sistemas operativos	36

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Configúranse os parámetros básicos da instalación de sistemas operativos libres e propietarios
CA1.2 Configúranse o contorno de traballo en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.6 Identifícanse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de periféricos
CA1.9 Realízanse operacións básicas de protección en sistemas operativos libres e propietarios (actualizacións, instalación de antivirus, realización de copias de seguridade, etc.)

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas operativos actuais libres e propietarios: requisitos técnicos do sistema operativo.
Utilización de periféricos.
Operacións básicas de protección fronte a ataques en sistemas operativos libres e propietarios.
Características e funcións fundamentais dun sistema operativo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Sistema operativo Windows	34

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse os elementos da interface de usuario para preparar o contorno de traballo
CA1.3.1 Utilizáronse os elementos da interface de usuario para preparar o contorno de traballo (Windows)
CA1.4 Recoñecéronse as características básicas dos sistemas de ficheiros máis utilizados en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.4.1 Recoñecéronse as características básicas dos sistemas de ficheiros máis utilizados en sistemas operativos propietarios
CA1.5 Identificáronse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de sistemas de ficheiros
CA1.5.1 Identificáronse as funcionalidades de sistemas operativos propietarios para o manexo de sistemas de ficheiros
CA1.7 Utilizáronse as ferramentas do sistema operativo para explorar os soportes de almacenamento de datos
CA1.7.1 Utilizáronse as ferramentas do sistema operativo para explorar os soportes de almacenamento de datos (Windows)
CA1.8 Instaláronse aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.8.1 Instaláronse aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos propietarios

4.2.e) Contidos

Contidos
Arranque e parada do sistema. Sesións. <i>Arranque e parada do sistema. Sesións (Windows)</i>
Aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios. <i>Aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos propietarios</i>
Interface gráfica de usuario: escritorio. <i>Interface gráfica de usuario: escritorio (Windows)</i>
Realización de tarefas básicas sobre sistemas operativos: recursos do sistema. <i>Realización de tarefas básicas sobre sistemas operativos: recursos do sistema (Windows)</i>
Estrutura da árbore de directorios. <i>Estrutura da árbore de directorios (Windows)</i>
Xestión de sistemas de ficheiros. <i>Xestión de sistemas de ficheiros (Windows)</i>
Sistemas de ficheiros, directorios, atributos e permisos. <i>Sistemas de ficheiros, directorios, atributos e permisos (Windows)</i>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Sistema operativo Linux	34

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse os elementos da interface de usuario para preparar o contorno de traballo
CA1.3.2 Utilizáronse os elementos da interface de usuario para preparar o contorno de traballo (Linux)
CA1.4 Recoñecéronse as características básicas dos sistemas de ficheiros máis utilizados en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.4.2 Recoñecéronse as características básicas dos sistemas de ficheiros máis utilizados en sistemas operativos libres
CA1.5 Identificáronse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de sistemas de ficheiros
CA1.5.2 Identificáronse as funcionalidades de sistemas operativos libres para o manexo de sistemas de ficheiros
CA1.7 Utilizáronse as ferramentas do sistema operativo para explorar os soportes de almacenamento de datos
CA1.7.2 Utilizáronse as ferramentas do sistema operativo para explorar os soportes de almacenamento de datos (Linux)
CA1.8 Instaláronse aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.8.2 Instaláronse aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres

4.3.e) Contidos

Contidos
OXestión de ficheiros e cartafoles: funcións básicas de exploración e procura. Arranque e parada do sistema. Sesións. Arranque e parada do sistema. Sesións (Linux) Aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios. Aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres. Interface gráfica de usuario: escritorio.

Contidos
<p>Interface gráfica de usuario: escritorio (Linux)</p> <p>Realización de tarefas básicas sobre sistemas operativos: recursos do sistema.</p> <p>Realización de tarefas básicas sobre sistemas operativos: recursos do sistema (Linux)</p> <p>Estrutura da árbore de directorios.</p> <p>Estrutura da árbore de directorios (Linux)</p> <p>Xestión de sistemas de ficheiros.</p> <p>Xestión de sistemas de ficheiros (Linux)</p> <p>Sistemas de ficheiros, directorios, atributos e permisos.</p> <p>Sistemas de ficheiros, directorios, atributos e permisos (Linux)</p> <p>Operación con ficheiros: nome e extensión, comodíns, atributos e tipos.</p> <p>Operacións máis comúns con directorios.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Sistemas operativos en rede	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno de rede, identificando os permisos de usuario	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicáronse preferencias na configuración do contorno de traballo

Criterios de avaliación
CA2.2 Créanse, configúranse e xestiónanse contas de usuario
CA2.3 Configúranse e comprobouse a conectividade do servidor cos equipamentos da clientela
CA2.4 Utilízanse os servizos proporcionados polo sistema operativo para compartir recursos
CA2.5 Asígnanse permisos aos recursos do sistema que se vaian compartir
CA2.6 Accedeuse aos recursos compartidos desde os equipamentos cliente
CA2.7 Aplícanse normas básicas de seguridade sobre recursos compartidos

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Configuración de acceso á rede a través de medios con cables e sen eles.</p> <p>Xestión de usuarios e grupos en contornos de rede.</p> <p>Tipos de perfís de usuario.</p> <p>Usuarios e grupos predeterminados e especiais do sistema.</p> <p>Compartición de recursos a través da rede.</p> <p>Acceso a recursos compartidos.</p> <p>Normas de seguridade sobre recursos compartidos.</p> <p>Dispositivos con conexión sen fíos á rede e ao equipamento.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O procesador de textos	36

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as funcións e as características dun procesador de textos en relación cos tipos de documentos que se poden elaborar
CA1.2 Realizáronse procedementos de creación, modificación e manipulación de documentos utilizando as ferramentas do procesador de textos
CA1.3 Formatáronse textos para a súa utilización en distintas situacións
CA1.4 Utilizáronse as funcións do procesador de textos para gardar e imprimir documentos elaborados

4.5.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade e uso de procesadores de textos. Aplicación de formato a documentos. Formatos de letras: negra, cursiva e subliñada. Tamaños e tipo de fontes. Numeración, viñetas, tabulacións e aliñamento de parágrafos. Creación de táboas. Inserción de obxectos gráficos nos documentos. Configuración de páxina.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Aplicacións ofimáticas	22

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Realizáronse operacións básicas con follas de cálculo, sobre documentos previamente elaborados
CA1.6 Realizáronse operacións básicas con bases de datos, sobre documentos previamente elaborados
CA1.7 Identifícaronse as funcións básicas de aplicacións que permitan realizar presentacións
CA1.8 Elaboráronse presentacións multimedia aplicando normas básicas de composición e deseño

4.6.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade e uso de aplicacións de follas de cálculo, de bases de datos e de presentacións multimedia.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Servizos básicos de Internet	22

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Utilizáronse navegadores web e recoñeceu a estrutura de internet
CA2.2 Personalizouse o navegador adecuándoo ás necesidades establecidas
CA2.5 Descríbironse as funcionalidades que ofrecen as ferramentas de correo electrónico
CA2.6 Creáronse contas de correo web

4.7.e) Contidos

Contidos
Características e usos de internet. Navegación pola web: descrición, configuración e funcionamento do navegador. Buscadores: características e usos. Correo electrónico: funcionalidades e tipos. Mensaxaría instantánea: tipos e características.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Servizos web	22

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Transferiuse información utilizando os recursos de internet para descargar, enviar e almacenar ficheiros
CA2.7 Utilizáronse outros servizos dispoñibles en internet (chat, foro, mensaxaría instantánea, redes p2p, videoconferencia, etc.)
CA2.8 Configuráronse as opcións básicas de diversas aplicacións web

4.8.e) Contidos

Contidos
Transferencia de datos e información por internet.
Ferramentas e usos dos outros servizos de internet: redes p2p, videoconferencias, foros e chats.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Seguridade informática	21

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.4 Identifícaronse os medios e os procedementos de seguridade durante o acceso a páxinas web, e describíronse os riscos e as fraudes posibles

4.9.e) Contidos

Contidos
Normas, medios e procedementos de seguridade no acceso a recursos web.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>Realizarase un exame ao final de cada trimestre, con tantos bloques como unidades conteña.</p> <p>A nota de cada tema (unidade) virá determinada por:</p> <ul style="list-style-type: none">- 60 % - Exame teórico/práctico.- 30 % - Tarefas avaliábeis entregadas na clase e controis realizados.- 10 % - Desempeño en clase (traballo diario, participación na clase, comportamento) <p>Para poder aprobar unha unidade é necesario obter unha cualificación de polo menos 4 puntos (sobre 10) no exame da devandita unidade.</p> <p>Nota da avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none">- Media poderada da nota de cada unidade.- Para aprobar a avaliación é necesario ter aprobadas todas as unidades. <p>TAREFAS E CONTROIS EN CLASE</p>

O 30% da nota de cada unidade determinarase mediante a realización de tarefas e controis na clase.

- Ao longo das clases propoñeranse unha variedade de cuestionarios e tarefas, tanto individuais como colaborativas.
- Deixarase tempo en clase para a súa realización, aínda que ás veces tamén se poderán realizar na casa.
- Realizaranse controis avaliados para resolver exclusivamente na clase.

Data de entrega:

- Existirá unha data de entrega para as tarefas.
- As tarefas entregadas fóra de prazo, pero antes da data límite, serán puntuadas sobre o 50 % do total.
- Superada a data límite non se poderán entregar tarefas e a nota será 0.

Os prazos, datas de entrega e data límite (de habela) variarán en cada tarefa. É responsabilidade do alumno prestar atención ás datas de entrega e límite.

DESEMPEÑO EN CLASE

O 10% da nota de cada unidade determinarase polo desempeño na clase.

En cada unidade comézase con 5 puntos (dun máximo de 10), e pódense gañar puntos a través de positivos, ou perdelos por negativos.

Exemplos de negativos:

- Falta inxustificada de asistencia ou puntualidade.
- Uso indebido do ordenador da aula, uso inxustificado de Internet, videoxogos, etc.
- Uso do teléfono móbil.
- Mal comportamento, falta de respecto, etc.

Exemplos de positivos:

- Participación en clase. Respondendo ás preguntas do profesor.
- Colaboración con outros compañeiros.
- Entrega das tarefas correctas na data recomendada.

PLAXIO E COPIA

- A entrega de tarefas plaxiadas da Internet ou copiadas doutros compañeiros implica automaticamente un cero no 30 % da nota reservada á tarefas, e un cero no 10 % da nota reservada ao desempeño en clase.
- Copiar no exame final de avaliación implica automaticamente un cero en todas as unidades avaliadas nese exame.

FALTAS DE RESPECTO E MAL COMPORTAMENTO

- A falta do debido respecto ao profesor poderá ser sancionada na nota da avaliación. Entenderase como faltas de respecto, todas aquelas xa recollidas na lexislación vixente e tamén o incumprimento dalgunha das normas de uso das aulas.
- Do mesmo xeito, é fundamental o comportamento correcto e a colaboración na clase por parte do alumnado. A falta de disciplina e as condutas graves que impidan o normal desenvolvemento das clases poderán ser penalizadas e restarase un 30% da nota.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O alumnado que non supere algunha unidade didáctica poderá optar a un exame de recuperación ao final do curso, condicionado á entrega das tarefas encomendadas polo profesor, e que terá como obxectivo a aprendizaxe das partes pendentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba de avaliación extraordinaria consistirá nunha proba final que se realizará ao finalizar o curso. Nela avaliaranse todos os criterios de avaliación do currículo, tanto os marcados como mínimos esixibles como os que non. Para iso será necesario realizar dúas probas:

- Unha primeira proba escrita e eliminatoria, con preguntas de resposta curta e tipo test.
- Unha segunda proba práctica con supostos prácticos concretos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Co obxectivo de facer fronte a imprevistos, atrasos ou adiantos propiciados, entre outras causas, por diferenzas entre o tempo estimado e o tempo real empregado nas tarefas, realizarase o seguimento da programación ao finalizar cada unidade didáctica. O profesor reflectirá o seguimento no seu caderno de aula e trasladarao á aplicación informática, así como poñerao en coñecemento do resto de docentes do departamento. Prestarase especial atención a propostas de mellora para as unidades seguintes e ao próximo curso, incluíndoo por tanto na memoria fin de curso.

A avaliación da propia práctica docente será efectuada polo mesmo profesor, que deberá realizar un proceso de reflexión valorando os logros obtidos polo seu alumnado e o nivel de consecución dos obxectivos propostos, analizando a idoneidade da programación e as actividades propostas así como da propia metodoloxía didáctica empregada. Así mesmo os alumnos participarán desta avaliación a través da realización de enquisas ao finalizar cada trimestre.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Con fin de detectar os coñecementos previos dos alumnos sobre os cales apoiar as novas aprendizaxes, así como determinar características diversas dos mesmos que poidan requirir actuacións especiais por parte do equipo docente, realizarase unha avaliación inicial durante a primeira unidade didáctica do curso. Esta levarase a cabo de maneira informal con dinámicas de grupo, así como cun pequeno cuestionario que sirva para avaliar de forma máis precisa a cada alumno. Ao tratarse dun módulo de segundo curso, o profesor deberá coñecer de antemán os alumnos con módulos pendentes de primeiro e prestar especial atención ás dificultades de seguimento que estes alumnos puidesen ter do módulo actual. De todos os alumnos buscarase coñecer o grao de motivación co que veñen predispostos así como os seus gustos, co afán de aproveitar esta información para adaptar, na medida do posible, as distintas actividades facéndoas máis afíns ás súas inquietudes e conseguir maior implicación, e mellores niveis de atención e compromiso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A diversidade do alumnado na aula require de estratexias variadas por parte do docente. En termos xerais, as medidas de reforzo a adoptar para compensar as diferenzas na formación previa ou as distintas capacidades de aprendizaxe do alumnado serán:

- Proporcionar material didáctico complementario como repaso e reforzo, tanto en formato escrito como en vídeo, para así adaptarse aos distintos estilos de aprendizaxe.
- Graduar o nivel de dificultade das actividades facéndoas máis alcanzables ou esixentes.
- Fomentar a colaboración entre os alumnos e, nas actividades grupais, promover grupos heteroxéneos e a equidade na distribución das tarefas.
- Supervisar o desenvolvemento das actividades durante a súa realización para evitar o seu abandono.

Para aqueles alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) estarase en contacto co departamento de Orientación para adoptar as medidas máis adecuadas, co visto e prace da Xefatura de estudos.



Como ferramenta de axuda para acadar esta atención individual empregárase a aula virtual (Moodle), pois permite plantexar e corrixir tarefas dun xeito persoal.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo de todo o curso, traballaranse transversalmente aspectos relativos a:

- Lectura comprensiva.
- Comunicación oral e escrita.
- Mecanografía.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e a comunicación (uso de ferramentas TIC).
- Educación para a convivencia, en especial a tolerancia con outras culturas.
- Educación en valores, en especial a igualdade entre xéneros.
- Respecto ao medio ambiente (reutilización e reciclaxe de equipos informáticos).
- Autonomía e iniciativa persoal: toma de decisións.
- Tralado en equipo.
- Prevención de riscos laborais (o uso intensivo do ordenador entraña riscos físicos e psicolóxicos)
- Emprendemento, á actividade empresarial e á orientación laboral.
- Aprendizaxe proactivo. O alumnado ten todas as ferramentas para ser protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Lectura comprensiva da lingua inglesa (moitos dos manuais técnicos están dispoñibles exclusivamente en inglés polo que é preciso que o alumno posúa uns coñecementos básicos deste idioma, polo menos a nivel de tradución. Potenciarase o seu coñecemento e a súa práctica).
- Capacidade de aprender a aprender (en gran parte das actividades potenciarase a autonomía do alumno, incentivando a investigación e a análise crítica da información recabada de Internet).
- Liberdade tecnolóxica (fomentárase o uso de software libre e valorárase a propiedade intelectual).

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Algunhas das actividades complementarias organizadas polo centro son:



- Deseño e pegada de carteis "Rompendo cos estereotipos" no 25 de Novembro Día internacional da eliminación das violencias contras as mulleres.
- Construcción de papeleiras para a separación selectiva de residuos na aula.
- Proxecto e-Twinning de cooperación con outros centros (de Inglaterra, Sáhara Occidental, ...).
- Festival Just Dance.
- ...

A maiores, co fin de orientar ao alumnado cara ao mercado laboral, pero sen descartar a posibilidade de continuar os seus estudos en ciclos medios, tentaranse realizar as seguintes visitas:

- Visita ao Museo do Videoxogo de Cangas (MUVI).
- Visita ao CESGA ou ao CPD do Sergas.
- Visita a algunha empresa privada como Televes S.A.U. ou Osventos Innovación en Servizos, S.L.
- Visita a algunha empresa da Asociación de Comerciantes de Ames (Xea - Xuntanza de empresarios de Ames).
- Asistencia presencial (ou vía telemática) a eventos de interese que se organicen na Cidade da Cultura de Galicia (Galicia Maker Faire, GaiasTech, Ciber.gal)

Aos estudantes máis avanzados recomendaráselle a realización dalgún curso de tipo MOOC (cursos en liña masivos e abertos) onde complementar e profundizar as súas aprendizaxes.